



PROPOSTA DE ACORDO PARA SER DITAMINADA POLA CIACP:

APROBACIÓN INICIAL DA MC 12/2026 (TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE APLICACIÓNS DE DIFERENTE ÁREA DE GASTO)

<<O Pleno Corporativo, órgano competente, adopta o seguinte acordo en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Primeiro: Existen unha serie de gastos do capítulo 6, xa devindicados, e unha serie de gastos previstos, do capítulo 2, relativo a un festival de música que se vai a realizar durante o mes de xullo, cuxa dotación orzamentaria é necesaria, para poder ser aprobados e imputados ao exercicio orzamentario 2026.

Neste expediente de modificación orzamentaria **12/2026**, modalidade transferencia de crédito de distinta área de gasto, vaise dotar o crédito necesario para poder aprobar os gastos seguintes por un importe total de **29.042,62** euros:

1.- Os documentos xustificativos de gasto que a continuación se detallan :

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Docum.	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/ 2026/32	9-1-26	FVE/ 2026/0001	5-1-26	17.133,78	M3J MERIDIAN FONT SL	Instalación y reestructuración cableado tomas de red cat.6a	920	62600
F/ 2026/82	28-1-26	A 2026022	28-1-26	3085,38	ELECTRICIDAD CRUCEIRO S.L.	RETIRADA E SUBSTITUCIÓN DE CABLE E LUMINARIAS PARA POSTES DE FENOSA EN MERELLE	165	61900
F/ 2026/83	28-1-26	A 2026023	28-1-26	2823,46	ELECTRICIDAD CRUCEIRO S.L.	PROYECTOR LAMAR SERIES 600W - LENTE T5S6 - 4000K - IRC 70 CLASE I RAL 7010 / MANO DE OBRA DE RETIRAR AVERIADOS E INSTALA	165	61900

23.042,62

2.- Gastos do capítulo 2 derivados do festival de música que se vai realizar durante o mes de xullo 2026:

APLICACIÓN	IMPORTE	DESCRIPCIÓN
337.22799	6.000	Traballos realizados por empresas

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación 3.2, 1.6 e 9.6 non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polo importe indicado:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPONIBLE/€
920.62600	17.133,78	17.133,78
165.61900	5.908,84	5.908,84
337.22799	6.000	6.000
TOTAL	29.042,62	29.042,62



Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **12/2026**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
450.13000	10.073,72
450.13002	16.885,46
450.16000	2.083,44
TOTAL	29.042,62

Cuarto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Quinto: Vistos os informes da Secretaría-Intervención núm. 121 e 122 do 08/07/2026.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame, ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **12/2026**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos, Transferencia positiva:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPONIBLE/€
920.62600	17.133,78	17.133,78
165.61900	5.908,84	5.908,84
337.22799	6.000	6.000
TOTAL	29.042,62	29.042,62

Baixas en aplicacións de Gastos, Transferencia negativa:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
450.13000	10.073,72
450.13002	16.885,46
450.16000	2.083,44
TOTAL	29.042,62

Segundo.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Terceiro.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo. Entrará en vigor coa publicación da súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente
O Alcalde, Esteban Ares García